

Manuel María

Publicacións para todas as idades e preferencias

CATÁLOGO

CASA - MUSEO
MANUEL MARÍA

Letras
Galegas



A partir dos cinco anos
Páxinas: 44
Ilustrado por Xaquín Marín
Prezo: 8 euros.
ISBN: 978-84-942893-3-0

O bigote de Mimí

Conta a historia de Mimí, un gato manso, agarimoso e moi, moi presumido. Os ratos tíñanlle un medo enorme; mais por se deixar enredar polo seu amigo Fiz, ve ameazado o seu bigote e os ratos pérdenlle o respecto.




Páxinas: 76
Ilustrado por Noemí López
Prezo: 9 euros
ISBN: 978-84-942893-6-5

Os soños na gaiola

Inclúe un código para a descarga dun DVD con doce poemas recitados por Manuel María e outro coa creación "Danza do poema emocionado".

Unha das obras más importantes e emblemáticas da poesía para nen@s. Son 49 poemas que cantan, con "inocencia" e grande musicalidade, o mundo infantil vinculado á natureza, ás cousas, aos animais, ás persoas, aos páxaros...



Ilustrado por Xaquín Marín
Páxinas: 79
Prezo: 9 euros
ISBN: 978-84-942893-8-1

As rúas do vento ceibe


Inclúe un código para a descarga dun DVD con dez poemas recitados por Manuel María. É a outra grande obra da "poesía infantil" de Manuel María, esta cunha orientación más "urbana". Sendo un libro de "versos para nen@s", incorpora tamén algúns poemas pensados para que as persoas adultas introduzcan as máis pequenas no coñecemento de Galiza e da súa historia.



A partir dos 12 anos
Capa: Felipe Senén
Páxinas: 82
Prezo: 9 euros
ISBN: 978-84-942893-4-7

A tribo ten catro ríos

Narrativa. Manuel de Paderna é algo poeta e, além diso, traballa facendo de barbeiro e de alguacil municipal. El coñece a maxia das palabras e sabe como as usar para producir os encantos más inesperados. A súa figura soñadora e poética contrasta coa vulgar e prosaica do alcalde don Capitón, dando orixe a un conxunto de simpáticas e divertidas historias.



A partir dos 12 anos
Capa: Leandro Lamas
Páxinas: 130
Prezo: 9 euros
ISBN: 978-84-942893-5-4

Cando o mar foi polo río


Narrativa. O protagonista destas historias, Manuel de Paderna, é un home que posúe o enfeitizo poético e o dominio da palabra, que fai parar as augas dos ríos, variar a situación dos mares, abrollar as fontes ou curar as persoas. Hai quen di que mesmo os paxaros suspendían os seus voos e ficaban inmóbiles no aire para aprenderen o seu canto e melodía... E, quizais, o lector ou lectora desta obra faga o mesmo.



A partir dos 12 anos
Ilustración: Xosé Cobas
Páxinas: 92
Prezo: 12 euros
ISBN: 978-84-614-4740-4.

Galiza

Introducindo algúns elementos narrativos, o autor vai facendo unha descripción do propio país: xeografía, clima, símbolos, historia, aspectos económicos, literatura, arte, oficios, festas e tradicións. É unha obra con clara vocación didáctica destinada a que o público máis novo descubra o seu país.



Bacharelato e público adulto
Ilus.: Isaac Díaz Pardo, Capa: Luís Seoane
Páxinas: 176
Prezo: 12 euros
ISBN: 978-84-942893-7-8

Terra Chá


Trátase dunha das obras poéticas más emblemáticas do autor. Nela busca propositadamente a "sinxeleza da forma co fin de que a poesía volva a ser popular". É un percurso pola xeografía humana chairega, un canto ás súas xentes, traballos, tradicións, festas, animais, cousas...



Bacharelato e público adulto
Capa: Julián Díaz
Páxinas: 204
Prezo: 12 euros
ISBN: 978-84-944417-1-4

Memoria da Terra Prosa xornalística escollida

Unha colección de pequenas pezas literarias publicadas en xornais e revistas, nas cales Manuel María plasma a súa visión de Galiza desde o punto de vista cultural, histórico, artístico, lingüístico... e que nos introducen no coñecemento do país e das súas xentes más ilustres.



Todos os públicos
Capa: Julián Díaz
Páxinas: 104
Prezo: 8 euros
ISBN: ISBN: 978-84-942893-9-2

A esencia máis nosa Poemas sobre a lingua galega



Todos os públicos
Páxinas: 56
Prezo: 8 euros
ISBN: 978-84-942893-0-9

Sonetos á casa de Hortas

Todos os públicos.
Escolla das composicións más representativas que Manuel María dedicou á exaltación da lingua galega como esencia e patrimonio do pobo, mais tamén á denuncia do comportamento de persoas e institucións que mostraron unha actitude de desprezo cara a ela. A escolma vai precedida dunhas páxinas explicativas e contextualizadoras de Xosé R. Freixeiro.

Cincuenta sonetos que o autor dedica "aos traballos e aos días" da súa casa natal en Outeiro de Rei, no ano 2013 convertida en Casa Museo do escritor. A obra constitúe unha guía imprescindible para visitar o espazo máis íntimo de Manuel María que alberga todo o seu legado.



Todos os públicos
Capa: Manuel Facal
Páxinas: 283
Prezo: 20 euros
ISBN: 978-84-944417-0-7

Poemas Escollidos



CD + 52 poemas + portapoemas + DVD
Deseño: Julián Díaz
Prezo: 15 euros
ISBN: 978-84-944417-2-1

UXÍA canta a Manuel María Ao vivo na Casa-Museo do escritor

Edición moi coidada en capa dura da primeira escolma que contempla o conxunto da obra poética de Manuel María. Unha escolla que permite redescubrir a través dos seus versos más luminosos o seu canto nacional e o universo máis íntimo do poeta.

CD gravado ao vivo na Casa Museo M. María que recolle o concerto de UXÍA celebrado no 86 aniversario do escritor.

Inclúense 52 poemas de cabeceira, un para cada semana do ano, incorporados a un portapoemas personalizado cunha folla de carballo de Sta. Isabel

Tamén se pode descargar o DVD "De amor e cantería" premio Mestre Mateo á mellor creación experimental.



Páxinas: 52
Prezo: 20 euros
ISBN: 978-84-616-0325-1

Os lonxes do solpor

Vai acompañado do CD "Uxía canta a Manuel María" e do DVD "De amor e cantería".


Obra poética da plena madurez artística de Manuel María na que transparecen, con intensidade lírica, motivos como o tremor puro da palabra, a comuñón coa terra amada, a saudade polo tempo pasado ou a crítica á deshumanizada realidade do presente.



Páxinas: 54
Prezo: 8 euros
ISBN: 978-84-613-6704-7

Cecais hai unha luz

Móstranos un Manuel María intimista e maduro, dono dos segredos da arte literaria máis auténtica e posuidor dunha grande variedade de reixistros como é propio dun poeta vocacional.



Páxinas: 72
Prezo: 8 euros
ISBN: 978-84-942893-2-3

Advento


Esta obra, escrita cando apenas o autor pasaba dos vinte anos, é talvez o libro más intenso da súa primeira época e reflicte a visión pesimista do mundo propia da poesía do seu tempo.



Páxinas: 134
Prezo: 12 euros
ISBN: 978-84-942893-1-6

Correspondencia entre Manuel María e Ramón Otero Pedrayo

A publicación recolle a interesante correspondencia entre estes dous autores, debidamente anotada e con estudio preliminar de Xosé M. Sánchez Rei e Estefanía Mosquera.



Páxinas: 185
Prezo: 20 euros
ISBN: 84-609-7168-6

Manuel María Fotobiografía sonora

Edición moi coidada que reúne máis de cen fotografías que enfían a biografía do escritor. Acompáñase de dous cd's, un coa voz do poeta recitando os seus versos e outro cunha selección de cancións interpretando os seus poemas.



Páxinas: 223
Prezo: 8 euros
ISBN: 84-96403-18-1

O tempo vital de Manuel María

Trátase dunha análise do período vital de Manuel María feita desde unha perspectiva marcadamente sociolingüística por parte de Camilo Gómez Torres. Inclúe unha antoloxía de textos poéticos.

E ADEMÁS, GRATUITAMENTE...

VISITAS GUIADAS Á CASA MUSEO MANUEL MARÍA
en Outeiro de Rei. Gratuitas para escolares.
Contacto: Tfno: 698 177 621;
contacto@casamuseomanuelmaria.gal

UNIDADES DIDÁCTICAS SOBRE MANUEL MARÍA.
Destinadas aos niveis de infantil, primaria e secundaria. Pódense descargar en:
www.casamuseomanuelmaria.gal.
Para traballar con elas en liña cómpre pedirnos a clave de acceso.

UNIDADES DIDACTICAS sobre *Os soños na gaiola* e *As rúas do vento ceibe*. Propostas de traballo sobre estas dúas obras emblemáticas da literatura para nen@s de Manuel María.

EXPOSICIÓN "Manuel María. A palabra viva".
Niveis: secundaria e bacharelato. Vinte e cinco painéis en cartón-pluma de 75 x 53 que fan un percorrido pola vida e obra do escritor.

TEXTOS TEATRAIS. Pódense descargar do noso sitio web distintas obras de teatro de Manuel María.

FOTOGRAFÍAS PARA IMPRIMIR. Podedes descargar gratuitamente fotografías-carteis para imprimirdes e ambientardes o voso centro ou ilustrardes os vosos traballos.

BIOGRAFÍA DE MANUEL MARÍA.
En casamuseomanuelmaria.gal dispoñedes dunha pequena biografía que podedes baixar.

INCORPORAREMOS NOVAS PROPOSTAS de xeito continuo e progresivo na nosa páxina web.

